

**PROGRAMACIÓN  
EDUCACIÓN  
FÍSICA  
SECUNDARIA**



**CPI COVA TERREÑA  
2022-2023**

**XEFE DO DEPARTAMENTO: DAVID GAYOSO SÁNCHEZ**

## ÍNDICE

1. Introducción e Contextualización
2. Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave. Obxectivos de etapa
3. Temporalización das unidades didácticas da etapa e porcentaxe. Porcentaxe de cada avaliación e porcentaxe dos procedementos
4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación
  - 4.1: 2º ESO
  - 4.2: 4º ESO
5. Concrecións metodolóxicas
  - 5.1 Adaptacións metodolóxicas para os posibles escenarios semipresencial e online
6. Materiais didácticos
7. Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado
8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente
9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes
10. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados
11. Medidas de atención á diversidade
12. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso
13. Actividades complementarias e extraescolares programadas polo departamento didáctico
14. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións. didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

# 1. INTRODUCCIÓN e CONTEXTUALIZACIÓN

O departamento de educación física é un departamento unipersoal formado por: David Gayoso Sánchez. Profesor de ensino secundario con praza definitiva no centro.

As materias impartidas desde este departamento son:

- Educación física en 1º,2º,3º e 4º da ESO

A área de educación física forma parte do currículo da ESO, sendo materia obrigatoria de todos os cursos. Esta posibilidade, permite realizar unha programación máis completa e coherente, con relacións entre todos os niveis e ciclos.

Os obxectivos de área responden ós obxectivos de etapa. A finalidade desta programación, é que o alumnado acceda ó currículo que ditamina o *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, integrado polos obxectivos, as competencias, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares e os resultados de aprendizaxe avaliábeis, e pola metodoloxía didáctica*, ademais de aqueles que non figurando na lei pódense engadir ou matizar.

Estrutúrase o currículo en base á Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

E tamén pola Resolución do 15 xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria.

A estrutura deste programa está baseada na madurez dos alumnos nos diferentes niveis e na progresión dos estándares de aprendizaxe e contidos, estes servirán de chave para acceder a outros superiores.

A peculiaridade do entorno urbano, con espazos naturais moi próximos (praia, bosque...), no que se aplica esta programación, supón a posibilidade dun acceso inmediato ao entorno natural. Neste senso o alumnado está familiarizado con estas vivencias. Polo que terase en conta no momento de planificar os contidos do curso.

O tipo de alumnado é moitas veces heteroxéneo, dándose o caso de nenos que teñen certas competencias e estándares de aprendizaxe moi desenrolados, en contraste con alumnos que precisan medidas de atención á diversidade.

Os estudos do alumnado tras a ESO decántanse en maior medida cara ó bacharelato, aínda que unha porcentaxe importante vai cara o ensino profesional. Desde o departamento de educación

física téntase informar ó alumnado sobre o tipo de saídas relacionadas coa educación física.

## **2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. Obxectivos de etapa.**

No *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño* aparecen as concreción que recollen a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.

Os obxectivos que se enuncian neste apartado emanan dos obxectivos xenerais de etapa que marca o propio decreto.

Aínda que o obxectivo “m”(Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuindo á súa conservación e á súa mellora) e o propio da educación física, tamén podemos traballar os outros obxectivos.

### **1. competencia en comunicación lingüística**

A competencia en comunicación lingüística é un dos elementos fundamentais do currículo para conseguir o acceso ó coñecemento; tamén é un instrumento fundamental para a socialización e o aproveitamento da experiencia educativa; o respecto ás normas de convivencia; o exercicio activo da cidadanía; o desenvolvemento dun espírito crítico; o respecto aos dereitos humanos e o pluralismo; a concepción do diálogo como ferramenta primordial para a convivencia, a resolución de conflitos e o desenvolvemento das capacidades afectivas en todos os ámbitos; unha actitude de curiosidade, interese e creatividade cara á aprendizaxe

### **Obxectivos de etapa**

- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.
- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Coñecer e manexar o vocabulario propio da materia.
- Usar a palabra como vehículo para a solución de conflitos e en situacións de cooperación.

## **2. A competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.**

Implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. O uso de ferramentas matemáticas implica unha serie de destrezas que requiren a aplicación dos principios e procesos matemáticos en distintos contextos, xa sexan persoais, sociais, profesionais ou científicos.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que proporcionan un acercamento ao mundo físico e á interacción responsable con el desde accións, tanto individuais como colectivas, orientadas á conservación e mellora do medio natural, decisivas para a protección e o mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos.

### **Obxectivos de etapa**

- Manexar conceptos matemáticos básicos referidos a porcentaxes de esforzo, escalas en mapas, tempo de actividade, distancias percorridas, pulsacións, resistencia de materiais...
- Calcular de forma práctica en actividades de movemento: distancias, velocidades, ángulos...
- Tomar conciencia dos cambios do organismo a través dos cambios numéricos (pulsacións, frecuencia cardíaca, nivel de forza...)
- Valorar o manexo do espazo nas diversas actividades físico-deportivas (ocupación de espazos baleiros, espazo de xogo, areas, límites do espazo)
- Coñecer o regulamento dos diferentes deportes e actividades referidos ás distancias do terreo ou tempo de xogo.
- Coñecer o funcionamento do corpo humano, os seus límites e as súas estruturas.
- Coñecer as normas sobre o esforzo e o adestramento.
- Valorar o medio natural, o seu coidado e conservación en actividades desenvolvidas neste ámbito.
- Desenvolver o pensamento científico-matemático respecto ós problemas motores propostos, axustando as variables impostas (pesos, velocidades, distancias...) polo medio para acadar unha solución apropiada.
- Fomentar a capacidade de propoñer preguntas e a capacidade de xerar solucións racionais a estes problemas.

### **3. Competencia dixital**

A competencia dixital é aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación para alcanzar os obxectivos relacionados co traballo, a empregabilidade, a aprendizaxe, o uso do tempo libre, a inclusión e participación na sociedade.

### **Obxectivos de etapa**

☐ Usar as diferentes ferramentas dixitais na procura de información útil de cara a materia.

☐ Buscar información que podamos atopar en Internet ou en calquera outro canle e manexar a información usando o software oportuno para xerar coñecemento.

☐ Usar as tecnoloxías da información para expoñer ou presentar traballos sobre temas da materia.

#### **4. Aprender a aprender**

A competencia de aprender a aprender é fundamental para a aprendizaxe permanente, en educación física tamén implica desenvolver habilidades para o traballo en equipo en diferentes actividades deportivas e expresivas colectivas e a adquisición de aprendizaxes técnicas, estratéxicas e tácticas que sexan xeneralizables para futuras actividades.

#### **Obxectivos de etapa**

- Contribuír a que o alumnado sexa capaz de regular a súa propia aprendizaxe da actividade física e á vez estruturar e organizar a práctica no seu tempo libre.
- Propiciar a reflexión e a aparición de situacións onde aparezan problemas onde se fomente a xeración de solucións por parte do alumando
- Fomentar actividades de autorregulación onde o alumno apareza como suxeito activo na procura de solucións.
- Estimular a participación do alumnado na planificación de actividades onde o alumando axuste, reflexione, e modifique o seu aprendizaxe en función da súa eficacia.

#### **5. Competencias sociais e cívicas.**

As competencias sociais e cívicas implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, entendida desde as diferentes perspectivas, na súa concepción dinámica, cambiante e complexa, para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados; para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas.

#### **Obxectivos de etapa**

- Fomentar a capacidade de establecer dinámicas persoais e grupais a través do propio corpo, en situacións de cooperación e de oposición.
- Preservar e fomentar os valores deportivos máis esenciais, que comportan a posta en práctica dun proxecto en común e a aceptación de regras e normas establecidas polo grupo na práctica de xogos ou deportes, así como o respecto aos materiais, ao contorno e ás persoas participantes.

- Interactuar con outras compañeiras e compañeiros implicándose no xogo.
- Aproveitar os diferentes saberes que permitan establecer relacións construtivas e faciliten a integración do alumnado na sociedade e no grupo.

## **6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.**

As bases da identidade persoal edifícanse a partir de dous dos aspectos reguladores do ser humano, o corpo e o movemento. A forma de interaccionar con outras persoas e co medio realízase a partir da diferenciada motricidade de cada quen. E é aí, na disposición persoal para a acción, onde se afirma a súa identidade. O ensino das diferentes propostas motoras, dos xogos e deportes, das actividades no medio natural ou do desenvolvemento da condición física e a expresión corporal oriéntanse cara á formación dun ser autónomo capaz de anticipar, percibir, decidir, relacionar, executar e reflexionar sobre as súas actuacións e de transferir o traballo na aula a outros espazos persoais de recreación e tempo libre.

### **Obxectivos de etapa**

- Fomentar a autonomía e a iniciativa persoal, orientada basicamente, desde tres campos: desde a forma de producirse a interacción entre o profesorado e o alumnado, desde a metodoloxía de traballo na aula e desde as exixencias e os retos da propia actividade.
- Interactuar na aula, mellorando o clima de convivencia, participando o través de propostas e suxestións de cara a unha maior integración no feito educativo.
- Fomentar a creatividade como método de afondar na vertente autónoma e emprendedora.
- Incentivar a capacidade de autosuperación a través de actividades que estimulen a súa autonomía.

## **7. Conciencia e expresións culturais**

A competencia en conciencia e expresión cultural implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e desfrute persoal e considéralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos. Esta competencia incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación.

### **Obxectivos de etapa**

- Promover o enriquecemento cultural que supón para o alumnado a práctica e o coñecemento das actividades físicas e deportivas.
- Apreciar, comprender e valorar as manifestacións culturais da motricidade humana, tales como os deportes, os xogos tradicionais, as actividades expresivas ou a danza, e

consideralos como parte do patrimonio cultural dos pobos, algo que é necesario coñecer e preservar.

- Contribuír e adquirir esta competencia facilitando o acceso do alumnado á historia da educación física, ao coñecemento dos seus momentos máis singulares e a unha reflexión e valoración crítica sobre a súa transcendencia no contexto cultural en que teñen/tiveron lugar.
- Promover a actitude aberta e respectuosa ante o fenómeno deportivo como espectáculo e ante as manifestacións lúdicas, deportivas e de expresión corporal propias doutras culturas, propoñendo fomentar unha visión crítica ante a violencia no deporte ou outras situacións contrarias á dignidade humana que nel se producen.

### PERFIL COMPETENCIAL DE EDUCACIÓN FÍSICA.

A contribución das diferentes materias na elaboración do perfil competencial fai necesario o traballo conxunto de todo o profesorado para producir ese documento.

As competencias traballadas nesta materia, reflectidas no cadro adxunto, mostran ao número de veces que aparecen as competencias en cada un dos estándares. O perfil competencial resultará da porcentaxe que está materia abarque en relación ao total do resto das materias.

CURSO	2º ESO EF	4º ESO EF
COMPETENCIA		
Competencias sociais e cívicas (CSC)	11	14
Comunicación lingüística (CCL)	2	3
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)	6	11
Competencia dixital (CD)	1	3
Aprender a aprender (CAA)	15	13
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)	13	12
Conciencia e expresións culturais (CCEC)	4	3



**3. TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS DA ETAPA.  
PORCENTAXE DE CADA AVALIACIÓN E PORCENTAXE DOS  
PROCEDEMENTOS.**

**2º ESO**

1ª avaliación	Melloramos a nosa forma física 50%	Traballo na aula	40%
		Proba escrita	30%
		Traballo (1)	10%
		Proba práctica	20%
	Citius, altius, fortius (atletismo) 50%	Traballo na aula	40%
		Proba escrita	30%
		Traballo (1)	10%
		Proba práctica	20%

2ª avaliación	Facemos unha carreira de orientación 20%	Traballo na aula	40%
		Proba escrita	30%
		Proba práctica	30%
	Deseñamos unha coreografía 40%	Traballo na aula	40%
		Proba práctica	60%
	Facemos unha montaxe de ximnasia artística 40%	Traballo na aula	40%
		Proba escrita	30%
		Proba práctica	30%

3ª avaliación	Xogamos ao tenis 50%	Traballo na aula	40%
		Proba escrita	30%
		Traballo (2)	10%
		Proba práctica	20%
	Xogamos ao balonmán 50%	Traballo na aula	40%
		Proba escrita	30%
		Proba práctica	30%

## 4º ESO

1ª avaliación	Poñémonos en forma e coidamos dos demais 40%	Traballo na aula	40%
		Proba escrita	30%
		Traballo	10%
		Proba práctica	20%
	Organizamos os xogos do magosto 20%	Xestión e organización da actividade	60%
		Presentación do traballo en grupo	40%
Danzamos en parella e en grupo 40%	Traballo na aula	50%	
	Proba práctica	50%	

2ª avaliación	Escalamos unha parede 50%	Traballo na aula	40%
		Proba escrita	30%
		Traballo	10%
		Proba práctica	20%
	Xogos cooperativos 50%	Traballo na aula	40%
		Traballo	40%
Proba práctica		20%	

3ª avaliación	Jugger 50%	Traballo na aula	40%
		Traballo	30%
		Proba práctica	30%
	Xogamos un partido de voleibol 50%	Traballo na aula	40%
		Proba práctica	60%

**4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación.**

## 2º DA ESO

### UNIDADE DIDÁCTICA 2º ESO: MELLORAMOS A NOSA FORMA FÍSICA (1er trimestre)

Unidade didáctica <b>MELLORAMOS NOSA FORMA FÍSICA</b>	Estándares de aprendizaxe	Peso na cualificación %	GM de consecución %	Instrumentos de avaliación %				
				proba escrita	proba práctica	traballo individual	traballo en grupo	traballo na aula (rúbrica, lista de control, escala)
	B1.1.1. Recoñece de xeito básico a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados	5	20	50				50
	EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian a realizar.	20	20	25				75
	EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.	5	20					100
	EFB1.4.2. Describe e pon en práctica os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección do contorno.	5	20	50				50
	▪ EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son...), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable.	5	20			100		
	▪ EFB1.5.2. Expón e defende traballos elaborados sinxelos sobre temas viventes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.	5	20			100		
	▪ EFB3.1.2. Relaciona diferentes tipos de actividade física e alimentación co seu impacto na súa saúde.	1,5	20	100				
	▪ EFB3.1.3. Relaciona as adaptacións orgánicas principais coa actividade física sistemática, así como coa saúde e os riscos e as contraindicacións da práctica deportiva.	1,5	20	100				
	▪ EFB3.1.4. Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora dos principais factores da condición física.	10	20		100			
	▪ EFB3.1.5. Aplica con axuda procedementos para autoavaliar os factores da condición física.	10	20	50				50
	▪ EFB3.1.6. Identifica as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, adoptando unha actitude crítica fronte ás prácticas que teñen efectos negativos para a saúde.	2	20	100				
	▪ EFB3.2.1. Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento.	5	20					100
	▪ EFB3.2.2. Alcanza niveis de condición física saudable acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades.	10	20		100			
	▪ EFB3.2.3. Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.	10	20	50				50
	▪ EFB3.2.4. Analiza a importancia da práctica habitual de actividade física para a mellora da propia condición física saudable, relacionando o efecto desta práctica coa mellora da calidade de vida.	5	20	100				

## TRABALLO NA AULA

**RÚBRICA: MELLORAMOS A NOSA FORMA FÍSICA. PORCENTAXE SOBRE A NOTA FINAL 40 % (4 puntos sobre a nota final)  
20% REALIZACIÓN MAL, 40%REGULAR, 60%BEN, 80% MOI BEN, 100% EXCELENTE**

ESTÁNDAR E PESO NA CUALIFICACIÓN	20%	40%	60%	80%	100%
B1.1.1. Recoñece de xeito básico a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados PESO CUALIF: 2,5% GM:20% (IL)Fai un quentamento axeitado, seguindo as pautas de constancia,progresividade e aforro de enerxía. 100% fai o quentamento de forma constante e sen parar. 80% para moi poucas veces. 60% para algunhas veces. 40% para bastantes veces. 20%moitas veces	0,05	0,1	0,15	0,2	0,25
EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian a realizar. PESO CUALIF: 15% GM:20% (IL)Fai un quentamento axeitado de acordo á actividade posterior (IL) Fai un quentamento axeitado de acordo á actividade posterior seguindo as directrices do profesor. 100% realiza as tarefas asignadas sempre. 80% as realiza case sempre. 60% as realiza bastantes veces. 40% de forma intermitente. 20%poucas veces	3	6	9	12	1,5
EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos. PESO CUALIF: 5% GM:20% (IL)Colabora nas actividades de aula respectando os demais e as normas da aula.1 100% colabora sempre. 80% case sempre. 60% algunhas veces. 40% poucas veces. 20% algunha vez.	0,1	0,2	0,3	0,4	0,5
EFB1.4.2. Describe e pon en práctica os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección do contorno. PESO CUALIF: 2,5% GM:20% (IL)Aplica medidas de prevención para protexerse a si mesmo e ós seus compañeiros (fai os exercicios propostos, coloca axeitadamente o material...) 20% non coloca o material e asume riscos innecesarios. 40% asume riscos innecesarios. 60% coloca o material e fai os exercicios propostos. 80% coloca o material axeitadamente e fai os exercicios propostos. 100% coloca recolle o material axeitadamente e fai os exercicios propostos.	0,05	0,1	0,15	0,2	0,25
EFB3.1.5. Aplica con axuda procedementos para autoavaliar os factores da condición física. PESO CUALIF: 5% GM:20% (IL) Valora a súa forma física, medindo as súas pulsacións, frecuencia respiratoria, tempo de exercicio e tempo de recuperación +20% Mide as súas pulsacións. +20%controla o seu tempo de exercicio. +20% controla o seu tempo de recuperación. +40% adapta o exercicio ás súas condicións físicas	0,1	0,2	0,3	0,4	0,5
EFB3.2.1. Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento. PESO CUALIF: 5% GM:20% (IL) Participa na mellora da súa condición física nas actividades propostas polo profesor seguindo as súas directrices: velocidade de execución, repeticións.. 100% Participa sempre seguindo as directrices do profesor. 80%. Participa a miúdo, seguindo as directrices do profesor. 60%. Participa sempre seguindo moitas das directrices do profesor. 40% participa a miúdo seguindo moitas das directrices do profesor. 20% participa de forma intermitente seguindo algunha das indicacións do profesor.	0,1	0,2	0,3	0,4	0,5
EFB3.2.3. Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións. PESO CUALIF: 5% GM:20% (IL) Realiza os exercicios seguindo as pautas do movemento propostas polo profesor 100% Aplica sempre as directrices propostas polo profesor. 80% case sempre. 60% algunhas veces. 40% poucas veces. 20% algunha vez	0,1	0,2	0,3	0,4	0,5

## EXAME ESCRITO

RÚBRICA. MELLORAMOS A NOSA FORMA FÍSICA. PROBA TEÓRICA. PORCENTAXE SOBRE A NOTA FINAL 30 % (3 puntos)

20% REALIZACIÓN MAL, 40%REGULAR, 60%BEN, 80% MOI BEN, 100% EXCELENTE

ESTÁNDAR E PESO NA CUALIFICACIÓN	20%	40%	60%	80%	100%
B1.1.1. Recoñece de xeito básico a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados PESO CUALIF: 2,5% GM:20% <b>(IL) Recoñece a estrutura dunha sesión sobre a estrutura dunha sesión e os esforzos de cada unha das partes</b> 100% Distingue as partes dunha sesión e a intensidade do esforzo de cada parte. 80% distingue as partes dunha sesión e a intensidade dalgunha das partes. 60% Recoñece as partes dunha sesión. 40%,20%: non distingue, nin recoñece, nin a intensidade, nin as partes.	0	0	0,15	0,2	0,25
EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian a realizar. PESO CUALIF: 5% GM:20% <b>(IL) Coñece as características dun quecemento</b> 100% Coñece as características básicas dun quecemento. 80% Coñece algunhas das características básicas dun quecemento. 60% Coñece algunha das características básicas dun quecemento. 40%,20% Non coñece ningunha	0	0	0,3	0,4	0,5
EFB1.4.2. Describe e pon en práctica os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección do contorno. PESO CUALIF: 2,5% GM:20% <b>(IL) Describe o protocolo PAS e o algoritmo do SVB</b> 100% cita e describe o protocolo de emerxencia. 80% cita e describe algunha das fases do protocolo de emerxencia, 60% cita o protocolo de emerxencia. 40%,20% Nin o cita, nin coñece ningunha das partes.	0	0	0,15	0,2	0,25
EFB3.1.2. Relaciona diferentes tipos de actividade física e alimentación co seu impacto na súa saúde. PESO CUALIF: 1,5% GM:20% <b>(IL) Identifica e relaciona a alimentación e as actividades saudables</b> +20% Coñece os nutrientes básicos. +20% coñece a súa distribución na dieta. 20%Coñece as actividades físicas saudables. 20%Coñece o tempo necesario para realizar unha actividade física saudable. +20% recoñece a relación entre a alimentación e as actividades físicas en relación á saúde	0,03	0,06	0,09	0,12	0,15
EFB3.1.3. Relaciona as adaptacións orgánicas principais coa actividade física sistemática, así como coa saúde e os riscos e as contraindicacións da práctica deportiva. PESO CUALIF: 1,5% GM:20% <b>(IL) Identifica as principais adaptacións orgánicas á actividade física e a súa repercusión coa saúde, así como o exercicio físico contraindicado</b> +20% Coñece o concepto de adaptación. +20% Recoñece algunha das adaptacións que prodúcense no corpo. +60% Recoñece máis dunha adaptación que prodúcese no corpo. +20% Recoñece a relación entre actividade, adaptación e saúde. 20% Recoñece algún dos riscos dunha actividade física excesiva.	0,03	0,06	0,09	0,12	0,15
EFB3.1.5. Aplica con axuda procedementos para autoavaliar os factores da condición física. PESO CUALIF: 5% GM:20% <b>(IL) Coñece os parámetros que nos axudan a valorar a condición física: frecuencia cardíaca, frecuencia respiratoria, tempo de exercicio e tempo de recuperación, flexibilidade das articulacións,</b> +20% coñece a relación entre frecuencia cardíaca e intensidade do exercicio. +20% coñece a relación entre frecuencia respiratoria e intensidade do exercicio. +20% Coñece a relación entre o tempo de recuperación e a frecuencia cardíaca. +20% Coñece a relación entre a intensidade de exercicio e a frecuencia cardíaca. +20% Coñece a forma de valorar a frecuencia cardíaca	0,1	0,2	0,3	0,4	0,5
EFB3.1.6. Identifica as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, adoptando unha actitude crítica fronte ás prácticas que teñen efectos negativos para a saúde. PESO CUALIF: 2% GM:20% <b>(IL) Identifica os parámetros que deben ter as actividades para ser consideradas saudables: frecuencia cardíaca, frecuencia respiratoria, tempo de exercicio, posturas axeitadas, forma de mover as cargas...</b> 40% Identifica a frecuencia cardíaca saudable. 20% Identifica o tipo de exercicio saudable. 20% Identifica o tempo de exercicio saudable. 20% Identifica os exercicios non saudables.	0,04	0,08	0,12	0,16	0,2
EFB3.2.3. Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións. PESO CUALIF: 5% GM:20% <b>(IL) Coñece as posturas básicas axeitadas para realizar exercicios estáticos e dinámicos e previr as lesións</b> 100% Coñece as posturas axeitadas na realización dos exercicios. 80% Coñece case todas as posturas axeitadas na realización dos exercicios. 60% coñece algunha das posturas axeitadas para a realización dos exercicios. 40%,20% descoñeceas	0	0	0,3	0,4	0,5
EFB3.2.4. Analiza a importancia da práctica habitual de actividade física para a mellora da propia condición física saudable, relacionando o efecto desta práctica coa mellora da calidade de vida. PESO CUALIF: 5% GM:20% <b>(IL) Coñece o principio da continuidade da carga e a súa relación coa mellora da saúde.</b> +20% Coñece o concepto de continuidade. +20% Coñece e relaciona a continuidade coa adaptación.+40% Coñece a relación entre a continuidade e a saúde. +20% Pon exemplos da relación entre a continuidade e a adaptación.	0,1	0,2	0,3	0,4	0,5

## TRABALLO

**MELLORAMOS A NOSA FORMA FÍSICA. SOBRE OS COSTUMES SAUDABLES E PREXUDICIAIS PARA A SAÚDE**

**PORCENTAXE SOBRE A NOTA FINAL 10 % (1 puntos sobre a nota final)**

**20% REALIZACIÓN MAL, 40%REGULAR, 60%BEN, 80% MOI BEN, 100% EXCELENTE**

ESTÁNDAR E PESO NA CUALIFICACIÓN	20%	40%	60%	80%	100%
	Busca información	o traballo é persoal	o traballo empreg a imaxes ou gráficos e aporta bibliografía	Aporta información de interese	Saca conclusións
EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable. PESO NA CUALIF. 5% GM 20% <b>(IL) Elaboración dun traballo sobre as costumes saudables e prexudiciais para a saúde</b>	0,1	0,2	<b>0.3</b>	0,4	0,5
	Lee o traballo con interrupcións	Lee o traballo sen levantar a mirada	<b>Se apoia na lectura pero levanta a mirada</b>	<b>Explica o traballo sen leelo</b>	Explica o traballo e se apoia e outros instrumentos(p.ex. pizarra)
EFB1.5.2. Expón e defende traballos sinxelos sobre temas viventes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos. PESO NA CUALIF. 5% GM 20% <b>(IL) Expón o traballo na aula</b>	0,1	0,2	<b>0.3</b>	0,4	0,5

## PROBA PRÁCTICA

### PROBA DE CARREIRA DE ATA 20'

**PORCENTAXE SOBRE A NOTA FINAL 20 % (2 puntos sobre a nota final)**

**20% REALIZACIÓN MAL, 40%REGULAR, 60%BEN, 80% MOI BEN, 100% EXCELENTE**

ESTÁNDAR E PESO NA CUALIFICACIÓN	20%	40%	60%	80%	100%
<p>EFB3.1.4. Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora dos principais factores da condición física. PESO NA CUALIF: 10%. GM: 20%</p> <p><b>IL Realiza un circuíto de probas físicas de maneira continua durante 15' mantendo as pulsacións en marxes de entre o 60 e o 70% da frecuencia cardíaca máxima</b></p> <p><b>100% Mantén unha intensidade constante e pulsacións constantes durante todo o exercicio. 80% Mantén unha intensidade constante durante case todo o exercicio. 60% fai o exercicio sen parar. 40% para algunha vez. 20% para constantemente.</b></p>	0	0,4	0,6	0,8	1
<p>EFB3.2.2. Alcanza niveis de condición física saudable acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades. PESO NA CUALIF: 10%. GM: 20%</p> <p><b>IL Carreira de ata 20'</b></p> <p><b>É capaz de correr sen parar menos de 5' (20%), +5' (40%), +10' (60%), +15' (80%) , 20' (100%)</b></p>	0	0,4	0,6	0,8	1



## UD 2º ESO: CITIUS, ALTIUS, FORTIUS (ATLETISMO) (1er trimestre)

Unidade didáctica	Estándares de aprendizaxe	Peso na cualificación %	GM de consecución%	Instrumentos de avaliación %				
				proba escrita	proba práctica	traballo individual	traballo en grupo	traballo na aula (rúbrica, lista de control, escala)
CITIUS, ALTIUS, FORTIUS	EFB1.1.1.Recoñece a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados.	5	20					100
	EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian realizar.	5	20					100
	EFB1.1.3. Prepara e pon en práctica actividades para a mellora das habilidades motoras en función das propias dificultades, baixo a dirección do/da docente.	5	20					100
	EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.	5	20					100
	EFB1.3.3. Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual.	5	20			100		
	EFB1.5.2. Expón e defende traballos elaborados sinxelos sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.	5	20			100		
	EFB1.4.1. Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco para si mesmo/a ou para as demais persoas.	5	20					100
	EFB1.4.3. Adopta as medidas preventivas e de seguridade propias das actividades desenvolvidas durante o ciclo, tendo especial coidado con aquelas que se realizan nun contorno non estable.	5	20					100
	EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e habilidades específicas adaptadas, respectando as regras e as normas establecidas.	10	20		100			
	EFB4.1.2. Autoavalía a súa execución de xeito básico con respecto ao modelo técnico formulado.	10	20					100
	EFB4.1.3. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados.	30	20	100				
	EFB4.1.4. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación.	10	20		100			

## TRABALLO NA AULA

**RÚBRICA: CITIUS, ALTIUS, FORTIUS. PORCENTAXE SOBRE A NOTA FINAL 40 % (4 puntos sobre a nota final)  
20% REALIZACIÓN MAL, 40%REGULAR, 60%BEN, 80% MOI BEN, 100% EXCELENTE**

ESTÁNDAR E PESO NA CUALIFICACIÓN	20%	40%	60%	80%	100%
B1.1.1. Recoñece de xeito básico a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados PESO CUALIF: 2,5% GM:20% <b>(IL)Fai un quentamento axeitado, seguindo as pautas de constancia,progresividade e aforro de enerxía.</b> <b>100% fai o quentamento de forma constante e sen parar. 80% para moi poucas veces. 60% para algunhas veces. 40% para bastantes veces. 20%moitas veces</b>	0,1	0,2	0,3	0,4	0,5
EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian a realizar. PESO CUALIF: 15% GM:20% <b>(IL)Fai un quentamento axeitado de acordo á actividade posterior</b> <b>(IL) Fai un quentamento axeitado de acordo á actividade posterior seguindo as directrices do profesor.</b> <b>100% realiza as tarefas asignadas sempre. 80% as realiza case sempre. 60% as realiza bastantes veces. 40% de forma intermitente. 20%poucas veces</b>	0,1	0,2	0,3	0,4	0,5
EFB1.1.3. Prepara e pon en práctica actividades para a mellora das habilidades motoras en función das propias dificultades, baixo a dirección do/da docente. CUALIF: 5% GM:20% <b>(IL) Organízase en función das indicacións do docente</b> <b>100% Organízase e participa sempre seguindo as directrices do profesor. 80%. Participa a miúdo, seguindo as directrices do profesor. 60%. Participa sempre seguindo moitas das directrices do profesor. 40% participa a miúdo seguindo moitas das directrices do profesor. 20% participa de forma intermitente seguindo algunha das indicacións do profesor.</b>	0,1	0,2	0,3	0,4	0,5
EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos. PESO CUALIF: 5% GM:20% <b>(IL)Colabora nas actividades de aula respectando os demais e as normas da aula.1</b> <b>100% colabora sempre. 80% case sempre. 60% algunhas veces. 40% poucas veces. 20% algunha vez.</b>	0,1	0,2	0,3	0,4	0,5
EFB1.4.1. Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco relevante para si mesmo/a ou para as demais persoas. PESO CUALIF: 5% GM:20% <b>(IL)Aplica medidas de prevención para protexerse a si mesmo e ós seus compañeiros (fai os exercicios propostos, coloca axeitadamente o material...)</b> <b>20% coloca o material. 20% coloca o material axeitadamente. 20% recolle o material. 20%non asume riscos. 20% non propicia situacións de risco entre os compañeiros.</b>	0,1	0,2	0,3	0,4	0,5
EFB1.4.3. Adopta as medidas preventivas e de seguridade propias das actividades desenvolvidas durante o ciclo, tendo especial coidado con aquelas que se realizan nun contorno non estable. PESO CUALIF: 5% GM:20% <b>(IL) Anticipa as necesidades de prevención e seguridade inherentes á propia actividade</b> <b>+20% coloca o material. +20% coloca o material axeitadamente. +20% recolle o material. +20%non asume riscos. +20% non propicia situacións de risco entre os compañeiros.</b>	0,1	0,2	0,3	0,4	0,5
EFB4.1.2. Autoavalía a súa execución de xeito básico con respecto ao modelo técnico formulado. PESO CUALIF: 10% GM:20% <b>(IL) Tenta buscar unha solución a un problema técnico (80%) soluciona o problema técnico formulado (100%)</b> <b>20%Non valora a súa execución. 40% Valora a súa execución. 60% Valora e tenta corrixir. 80% Valora e corrixir algún aspecto. 100% Valora e corrixir satisfactoriamente a súa execución</b>	0	0,4	0,6	0,8	1

## **EXAMEN ESCRITO**

**RÚBRICA. CITIUS, ALTIUS, FORTIUS . PROBA TEÓRICA. PORCENTAXE SOBRE A NOTA FINAL 30 % (3 puntos)**

**20% REALIZACIÓN MAL, 40%REGULAR, 60%BEN, 80% MOI BEN, 100% EXCELENTE**

ESTÁNDAR E PESO NA CUALIFICACIÓN	20%	40%	60%	80%	100%
EFB4.1.3. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados. PESO NA CUALIF: 30%. GM: 20% <b>(IL) Describe os modelos técnicos adaptados das diferentes especialidades do atletismo: carreiras, saltos e lanzamentos.</b> <b>100% Describe correctamente os movementos técnicos. 80% Describe correctamente algún dos movementos técnicos. 60% Describe con algún erro os movementos técnicos. 40% Describe os movementos técnicos con algúns erros. 20% Describe os movementos técnicos con bastantes erros.</b>	0,6	1,2	1'8	2,4	3

## TRABALLO

**CITIUS, ALTIUS, FORTIUS.. SOBRE OS COSTUMES SAUDABLES E PREXUDICIAIS PARA A SAÚDE**

**PORCENTAXE SOBRE A NOTA FINAL 10 % (1 puntos sobre a nota final)**

**20% REALIZACIÓN MAL, 40%REGULAR, 60%BEN, 80% MOI BEN, 100% EXCELENTE**

ESTÁNDAR E PESO NA CUALIFICACIÓN	20%	40%	60%	80%	100%
	Busca información	o traballo é persoal	o traballo empregado a imaxes ou gráficos e aporta bibliografía	Aporta información de interese	Saca conclusións
EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable. PESO NA CUALIF. 5% GM 20% <b>(IL) Elaboración dun traballo sobre as costumes saudables e prexudiciais para a saúde</b>	0,1	0,2	<b>0.3</b>	0,4	0,5
	Lee o traballo con interrupcións	Lee o traballo sen levantar a mirada	<b>Se apoia na lectura pero levanta a mirada</b>	<b>Explica o traballo sen leelo</b>	Explica o traballo e se apoia e outros instrumentos(p.ex. pizarra)
EFB1.5.2. Expón e defende traballos sinxelos sobre temas viventes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos. PESO NA CUALIF. 5% GM 20% <b>(IL) Expón o traballo na aula</b>	0,1	0,2	<b>0.3</b>	0,4	0,5

## PROBA PRÁCTICA

### **CIRCUÍTO DE HABILIDADES ATLÉTICAS: CARREIRAS, SALTOS E LANZAMENTOS**

**PORCENTAXE SOBRE A NOTA FINAL 20 % (2 puntos sobre a nota final)**

**20% REALIZACIÓN MAL, 40%REGULAR, 60%BEN, 80% MOI BEN, 100% EXCELENTE**

ESTÁNDAR E PESO NA CUALIFICACIÓN	20%	40%	60%	80%	100%
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e habilidades específicas adaptadas, respectando as regras e as normas establecidas. PESO NA CUALIF: 10%. GM: 20%</li></ul> <p><b>(IL) Realiza un circuítio das habilidades atléticas aprendidas, respectando o regulamento das diferentes especialidades</b></p> <p><b>100% Executa os movementos sen erros. 80% Executa os movementos con algún erro. 60% Executa os movementos con poucos erros 40% Ten bastantes erros. 20% Ten moitos erros.</b></p>	0,2	0,4	0,6	0,8	1
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ EFB4.1.4. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación. PESO NA CUALIF: 10%. GM: 20%</li><li>▪ <b>(IL) Mellora o seu nivel de execución respecto ó nivel de partida</b></li></ul> <p><b>100% Mellora o seu nivel respecto o nivel inicial e Ten unha actitude de esforzo e superación. 80% Mellora o seu nivel respecto o nivel inicial aínda que non ten unha actitude de esforzo e superación. 60% Non mellora o seu nivel respecto o nivel inicial pero ten unha actitude de esforzo e superación. 40% Non mellora o seu nivel respecto o nivel inicial e non Ten unha actitude de esforzo e superación. 20 % Mantén unha actitude de pouco esforzo.</b></p>	0,2	0,4	0,6	0,8	1

## UD 2º ESO: DESEÑAMOS UNHA COREOGRAFÍA. (2º TRIMESTRE)

UD DESEÑA MOS UNHA COREOGR AFÍA	Estándares de aprendizaxe	Peso na cualificación %	GM de consecución %	Instrumentos de avaliación %				
				proba escrita	proba práctica	traballo individual	traballo en grupo	traballo na aula(rúbrica, lista de control, escala)
	EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian realizar.	5	20					100
	EFB1.1.3. Prepara e pon en práctica actividades para a mellora das habilidades motoras en función das propias dificultades, baixo a dirección do/da docente.	10	20					100
	EFB1.2.1. Amosa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a.	5	20					100
	EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.	10	20					100
	EFB1.2.3. Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do nivel de destreza.	10	20					100
	EFB2.1.1. Utiliza técnicas corporais básicas, de forma creativa, combinando espazo, tempo e intensidade.	20	20		100			
	EFB2.1.2. Crea e pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo prefixado de baixa dificultade.	20	20		100			
	EFB2.1.3. Colabora no deseño e na realización de bailes e danzas sinxelas, adaptando a súa execución á dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	10	20		100			
	EFB2.1.4. Realiza improvisacións de xeito individual como medio de comunicación espontánea.	10	20		100			

## TRABALLO NA AULA

**RÚBRICA: DESEÑAMOS UNHA COREOGRAFÍA . PORCENTAXE SOBRE A NOTA FINAL 40 % (4 puntos sobre a nota final)  
20% REALIZACIÓN MAL, 40%REGULAR, 60%BEN, 80% MOI BEN, 100% EXCELENTE**

ESTÁNDAR E PESO NA CUALIFICACIÓN	20%	40%	60%	80%	100%
<p>EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian a realizar. PESO CUALIF: 15% GM:20%</p> <p><b>(IL)Fai un quecemento axeitado de acordo á actividade posterior</b></p> <p><b>(IL) Fai un quecemento axeitado de acordo á actividade posterior seguindo as directrices do profesor.</b></p> <p><b>100% realiza as tarefas asignadas sempre. 80% as realiza case sempre. 60% as realiza bastantes veces. 40% de forma intermitente. 20%poucas veces</b></p>	3	6	9	12	1,5
<p>EFB1.1.3. Prepara e pon en práctica actividades para a mellora das habilidades motoras en función das propias dificultades, baixo a dirección do/da docente. CUALIF: 5% GM:20%</p> <p><b>(IL) Organízase en función das indicacións do docente</b></p> <p><b>100% Organízase e participa sempre seguindo as directrices do profesor. 80%. Participa a miúdo, seguindo as directrices do profesor. 60%. Participa sempre seguindo moitas das directrices do profesor. 40% participa a miúdo seguindo moitas das directrices do profesor. 20% participa de forma intermitente seguindo algunha das indicacións do profesor.</b></p>	0,1	0,2	0,3	0,4	0,5
<p>EFB1.2.1. Aмосa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a. PESO CUALIF: 5% GM:20%</p> <p><b>(IL) Respecta o resto de compañeiros/as solucionando os conflitos de forma pacífica.</b></p> <p><b>0,1 tenta solucionar os conflitos 0,1 media entre as partes. 0,1 non forma parte dos conflitos. 0,1 amosa tolerancia e deportividade no papel de participante. 0,1 amosa tolerancia e deportividade no papel de espectador.</b></p>	0,1	0,2	0,3	0,4	0,5
<p>EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos. PESO CUALIF: 5% GM:20%</p> <p><b>(IL)Colabora nas actividades de aula respectando os demais e as normas da aula.1</b></p> <p><b>100% colabora sempre. 80% case sempre. 60% algunhas veces. 40% poucas veces. 20% algunha vez.</b></p>	0,1	0,2	0,3	0,4	0,5
<p>EFB1.2.3. Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do nivel de destreza. PESO CUALIF: 10% GM:20%</p> <p><b>(IL) Respecta o nivel de execución do resto do grupo</b></p> <p><b>0,4 Respecta o nivel de destreza de todos os compañeiros. 0,2 Colabora con todos tomando a iniciativa e formando grupos ou parellas. 0,4 Acepta ós compañeiros do grupo aceptando a inclusión propia ou dalgún deles dentro do grupo.</b></p>	0,2	0,4	0,6	0,8	1

**PROBA PRÁCTICA UD DESEÑAMOS UNHA COREOGRAFÍA  
REALIZACIÓN DUNHA COREOGRAFÍA EN GRUPO E A SÚA REPRESENTACIÓN.  
PORCENTAXE SOBRE A NOTA FINAL 60 % (6 puntos sobre a nota final)  
20% REALIZACIÓN MAL, 40% REGULAR, 60% BEN, 80% MOI BEN, 100% EXCELENTE**

ESTÁNDAR E PESO NA CUALIFICACIÓN	20%	40%	60%	80%	100%
<p>EFB2.1.1. Utiliza técnicas corporais básicas, de forma creativa, combinando espazo, tempo e intensidade. PESO NA CUALIF: 20%. GM: 20%</p> <p><b>(IL) Realiza movementos coordinados realizando os xestos con expresividade, usando diferentes partes do corpo e movéndose no espazo.</b></p> <p><b>(IL) Realiza movementos coordinados realizando os xestos con expresividade, usando diferentes partes do corpo e movéndose no espazo.</b></p> <p><b>+20% Fai desprazamentos no espazo. +20% Fai cambios de orientación. +20% Combina movementos dos pes con movementos do resto do corpo. +20% Realiza un alto número de figuras. +20% Realiza figuras complexas.</b></p>	0,2	0,4	0,6	0,8	2
<p>EFB2.1.2. Crea e pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo prefixado de baixa dificultade. PESO NA CUALIF: 20%. GM: 20%</p> <p><b>(IL) Executa unha coreografía ó ritmo da música</b></p> <p><b>100% Axústase sempre ó ritmo da música. 80% Case sempre. 60% Bastantes veces. 40% As veces. 20% Algunha vez</b></p>	0,2	0,4	0,6	0,8	2
<p>EFB2.1.3. Colabora no deseño e na realización de bailes e danzas sinxelas, adaptando a súa execución á dos seus compañeiros e das súas compañeiras. PESO NA CUALIF: 10%. GM: 20%</p> <p><b>(IL) Coopera no deseño dunha coreografía e na súa representación</b></p> <p><b>+0,4 Coopera cos compañeiros independentemente do nivel de destreza deles. +0,2 Colabora con todos tentando crear novas composicións. +0,4 Colabora buscando adaptar as capacidades de cada un a unha composición.</b></p>	0,2	0,4	0,6	0,8	1
<p>EFB2.1.4. Realiza improvisacións de xeito individual como medio de comunicación espontánea. PESO NA CUALIF: 10%. GM: 20%</p> <p><b>(IL) Improvisa e crea novos movementos para incorporalos á representación coreográfica</b></p> <p><b>100% Realiza improvisacións frecuentemente. 80% A miúdo. 60% Algunhas veces. 40% Poucas veces. 20% Algunha vez.</b></p>	0,2	0,4	0,6	0,8	1



## UNIDADE DIDÁCTICA 2º ESO: MONTAMOS UNHA COREOGRAFÍA DE XIMNASIA ARTÍSTICA (2º trimestre)

<p>EFB3.2.2. Practica de forma regular, sistemática e autónoma actividades físicas co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida. PESO CUALIF: 10% GM:20%</p> <p><b>(IL) Participa de forma regular na mellora da súa condición física e saúde nas actividades propostas polo profesor</b></p> <p><b>100% Practica sempre e de xeito autónomo. 80%. Practica pero necesita algunhas das directrices do profesor. 60%. Practica seguindo moitas das directrices do profesor. 40% practica de forma intermitente necesita algunha das directrices do profesor. 20% practica pouco</b></p>	0,2	0,4	0,6	0,8	1

segundo moitas das indicacións do profesor

**PROBA PRÁCTICA DA UNIDADE DIDÁCTICA XOGAMOS UN PARTIDO DE VOLEIBOL**  
**PORCENTAXE SOBRE A NOTA FINAL 60 % (6 puntos sobre a nota final)**  
**20% REALIZACIÓN MAL, 40% REGULAR, 60% BEN, 80% MOI BEN, 100% EXCELENTE**

ESTÁNDAR E PESO NA CUALIFICACIÓN	20%	40%	60%	80%	100%
EFB4.1.1. Axusta a realización das habilidades específicas aos requisitos técnicos nas situacións motrices individuais, preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias características. PESO CUALIF: 5% GM:20% <b>(IL) Executa os xestos técnicos do voleibol con corrección.</b> <b>100% Executa os movementos sen erros. 80% Executa os movementos con algún erro. 60% Executa os movementos con poucos erros 40% Ten bastantes erros. 20% Ten moitos erros.</b>	0,1	0,2	0,3	0,4	0,5
EFB4.1.2. Axusta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e as persoas adversarias, nas situacións colectivas. PESO CUALIF: 5% GM:20% <b>(IL) Ten en conta as características dos seus compañeiros/as: o seu dominio das habilidades técnicas, a súa condición física no momento da realización das diferentes tarefas</b> <b>100% Ten en conta ós compañeiros: facendo apoios, tentando facer pases adaptados e conversando. 80% Ten en conta ós compañeiros aplicando dúas destas estratexias: facendo apoios, tentando facer pases adaptados ou conversando. 60% Ten en conta ós compañeiros aplicando unha destas estratexias: facendo apoios, tentando facer pases adaptados ou conversando. 40% Ten en conta os compañeiros de forma intermitente. 20% ten en conta ós compañeiros poucas veces.</b>	0,1	0,2	0,3	0,4	0,5
EFB4.2.1. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de oposición, contrarrestando ou anticipándose ás accións da persoa adversaria. PESO CUALIF: 10% GM:20% <b>(IL) Mantén unha actitude organizada no terreo de xogo, mantendo unha actitude activa (posición básica), realizando axudas ós/as compañeiros/as e anticipándose ás accións dos/as adversarios/as</b> <b>+20% Mantén unha actitude organizada no campo. +20% Aproveita a situación de ventaxa. +20%Coopera co resto do grupo buscando apoios +20%Busca o pase. +20% anticipa os movementos dos oponentes.</b>	0,2	0,4	0,6	0,8	1
EFB4.2.2. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de cooperación, axustando as accións motrices aos factores presentes e ás intervencións do resto de participantes. PESO CUALIF: 10% GM:20% <b>(IL) Mantén unha actitude organizada no terreo de xogo: observando o resto do grupo, respectando a zona dos/as compañeiros/as, cooperando con rapidez na preparación do ataque e na defensa</b> <b>+20% observa o resto do grupo</b> <b>+20% coopera con rapidez no ataque e defensa</b> <b>+20% reparte o espazo entre os compañeiros</b> <b>+20% ocupa os espazos baleiros</b> <b>+20% tenta realizar pases</b>	0,2	0,4	0,6	0,8	1
EFB4.2.3. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de colaboración-oposición, intercambiando os papeis con continuidade e perseguindo o obxectivo colectivo de obter situacións vantaxosas sobre o equipo contrario. PESO CUALIF: 10% GM:20% <b>(IL) Cambia rapidamente da labor de atacante a defensor ou á inversa, organizando rapidamente a súa función</b> <b>+20% cambia rapidamente da función de atacante a defensor</b> <b>+20% Tenta obter situación de vantaxe</b> <b>+40% Busca o obxectivo do xogo</b> <b>+20% Tenta cooperar cos compañeiros</b>	0,2	0,4	0,6	0,8	1
EFB4.2.5. Xustifica as decisións tomadas na práctica das actividades e recoñece os procesos que están implicados nelas. PESO CUALIF: 10% GM:20% <b>(IL) Mantén reunións cos/as compañeiros/as no transcurso do xogo e propón solucións fundamentadas nas situacións do xogo</b> <b>100%Tenta comunicar solucións e xustificas</b> <b>80%Tenta comunicar solucións pero non as xustifica</b>	0,2	0,4	0,6	0,8	1

<b>60%Non tenta comunicar solucións</b>					
EFB4.2.6. Argumenta estratexias ou posibles solucións para resolver problemas motores, valorando as características de cada participante e os factores presentes no contorno. PESO CUALIF: 10% GM:20% <b>(II) Mantén reunións cos/as compañeiros/as buscando solucións axeitadas ás características do/as xogadores/as</b> 100%Argumenta as súas decisións frecuentemente, 80% algunhas vez, 60% poucas veces, 40% unha vez, 20% nunca	0,2	0,4	0,6	0,8	1

## 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Dentro de cada área do currículo, existe unha certa dinámica no proceso de ensinanza - aprendizaxe. Nas horas da materia de educación física, coma norma xeral, seguiremos esta **estrutura da sesión**:

Explicación e contextualización sobre o contido e obxectivos da sesión relacionándoo coa programación en xeral e coa UD en particular.

Exposición dos conceptos e fundamentos que vanse a manexar. Estas bases teóricas entregaranse aos alumnos como material de coñecemento, permitíndolles unha aprendizaxe significativo das tarefas e o proceso, así como unha maior capacidade de intervención na súa formación. É imprescindible que o alumnado comprenda o proceso e en que punto do mesmo se atopa, así como que se lle pide, para que poida acceder aos obxectivos de área de modo significativo. No transcurso da sesión o docente tentará transmitir os resultados en forma de feedback para potenciar a aprendizaxe do alumnado. O final das sesións estará destinada, salvo circunstancias excepcionais, ao aseo e hixiene. É importante que o alumnado asimile a hixiene coma parte da súa educación. O alumnado que non secunde esta proposta, tomará parte noutras tarefas formativas relacionadas coa sesión.

### **Modelos pedagóxicos**

Traballaranse estes modelos de referencia. Modelos pedagóxicos en Educación Física: Que, como, por que y para que (Coordinadores Ángel Pérez-Pueyo, David Hortigüela-Alcalá y Javier Fernández-Río) segundo as diferentes circunstancias da aprendizaxe, sendo unha circunstancia máis común a hibridación dos diferentes modelos:

- Modelo cooperativo. O alumnado manterá unha interdependencia positiva, onde dependan uns e outros para lograr os obxectivos.
- Modelo deportivo. O alumnado, mediante o traballo en equipo e a cesión de responsabilidades, pasará dunha práctica dirixida a unha práctica autónoma.
- Ensinanza comprensiva do deporte. Onde búscanse adaptacións para facer visible o compoñente táctico.
- Responsabilidade persoal e social. Centrado na respecto ós dereitos e sentimentos alleos, na autonomía, na axuda... Para estender esta situación fora da aula.
- Educación aventura. Centrada na resolución de problemas e superación de barreiras e o uso creativo dos espazos nun contexto lúdico.
- Estilo actitudinal. Onde o motriz é un medio para conseguir un verdadeiro grupo que coopere.
- Modelo ludotécnico. Baseado en propostas ludotécnicas para aprender xestos motores e a súa reflexión sobre o mesmo.
- Autoconstrucción de materiais. Onde faise o alumnado un aprendiz máis activo, social e creativo.

- Educación física relacionada coa saúde. Busca a autonomía a para que o alumnado véxase competente e a actividade física convértase en algo permanente.
- Aprendizaxe servizo. O alumnado traballa a súa conciencia crítica e desenvolve unha actitude máis reflexiva.
- Autorregulación. Onde o principal obxectivo e o desenvolvemento da autonomía
- Gamificación. Usando as dinámicas dos videoxogos na materia
- Avaliación formativa e compartida. Traballando a responsabilidade do alumnado.

### **Recursos metodolóxicos**

- Favorecerase a escoita activa por parte do alumnado buscando estratexias que reforcen esta situación, a través da realización de parellas ou grupos onde teñan que comentar as informacións das tarefas; das mensaxes a grupos con preguntas; a valoración e aceptación das propostas; o resume do exposto; no uso da palabra o respecto e as normas básicas da comunicación verbal.
- Poranse en práctica estratexias globalizadoras e de carácter multidisciplinar. Nos casos que o requira a estratexia será de tipo analítico na ensinanza de xestos técnicos complexos.
- Presentaranse unidades didácticas en forma gamificada.
- Incentivarase a creatividade en tódolos ámbitos: nas estratexias de aprendizaxe; na elaboración e composición de movementos e coreografías relacionadas coa expresión corporal; na organización do xogo en equipo; na invención de movementos...
- Farase fincapé nas tarefas en equipo e no traballo de cooperación. Unha gran parte do traballo na aula farase en forma de agrupamentos flexibles. Fomentarase o traballo entre os distintos sexos, entre as diversas capacidades, variando os agrupamentos (desde parellas a grupos grandes). A cooperación será un dos eixos da programación, dada a súa importancia como competencia clave. Valorarase constantemente dentro de cada unha das unidades didácticas, na que poderá estar formulada de diferentes maneiras: na capacidade de organización (facendo grupos), na axuda a outros compañeiros, no mantemento de relacións con calquera compañeiro, na solución de conflitos de forma dialogada, no uso da linguaxe axeitada en ton e volume, na escoita doutras opinións, no respecto do nivel de destreza, na solidariedade, na axuda mutua, na corresponsabilidade na aprendizaxe... Durante o traballo en equipo o alumnado aprenderá a construír as súas interaccións, unha das estratexias utilizadas estará baseada na asunción de roles ou responsabilidades (coreógrafos, xestoras da actividade, xefa de seguridade, animador...).
- O grado de autonomía do alumnado, integrado na competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor, é un elemento ligado a esta materia, onde o alumnado constantemente asume tarefas que ten que poñer en práctica sen o control dirixido do profesor. Durante toda a etapa e de forma progresiva o alumnado irá optando a formas cada vez máis libres de actuación, en función da súa madurez.

- *A autoavaliación* estará presente na aprendizaxe como un dos métodos de aprendizaxe e valoración do traballo na aula. O alumnado disporá dunha rúbrica á que terá acceso o inicio do tema e na que comprobará cales son os elementos que se avalían. Dita rúbrica poderá cubrirse ademais como control da aprendizaxe a metade do tema e ao final do mesmo.
- *A coavaliación* asumirase en forma de recollida de información, xeralmente en grupo, ó través dunha rúbrica. O alumnado familiarizarase con ela, aplicándoa en varios momentos do proceso de ensinanza. Deste modo poderán comunicar os erros e acertos e mellorar os xestos motrices. A aplicación desta medida permitirá reforzar a aprendizaxe e recoñecer os puntos sobre os que o alumnado deberá traballar. Esta recollida de información forma parte da ensinanza recíproca.
- Heteroavaliación. O profesor como parte do proceso de ensinanza aprendizaxe, tamén tomará parte na achega de información. As súas intervencións formarán o complemento regulador da autoavaliación e coavaliación.
- Usaranse as novas tecnoloxías como ferramenta para a adquisición das aprendizaxes: gravación en vídeo dos xestos motores usando diferentes aplicacións (videodelay, technique...); manexo de documentos en rede (correo, drive, aula virtual, edixgal...); visualización en vídeo de tarefas, xestos...; reprodución sonora de música para as tarefas relacionadas coa expresividade.
- No caso de alumnado con necesidades especiais poderase poñer en práctica programas individualizados.
- O alumnado que por diversas causas (lesión, enfermidade ou calquera tipo de incapacidade funcional) non poida facer a parte práctica das sesións, realizará, seguindo o criterio do profesor, algunha das seguintes tarefas:
  - × Cumprimentar a ficha de lesionados. Onde o alumnado deberá especificar: o tema ou unidade didáctica que estamos a tratar na aula; os obxectivos da sesión en curso; e describir as actividades que realizan os/as compañeiros/as.
  - × Deseño de sesións relacionadas co tema que estamos a tratar.
  - × Lectura dos apuntes. Formulando preguntas tendo en conta esta lectura e resolvéndoas;e expresando as dúbidas pertinentes.
  - × Manexo do equipo de vídeo ou fotografía.
  - × Lectura e resume de algún texto relacionado co tema.
  - × Arbitraxe, control do tempo de xogo, coñecer o regulamento...
  - × Aportando ideas, pensando coreografías, propoñendo actividades...
  - × Realización de exercicios de fortalecemento, alongamentos... prescritos polo persoal médico.
  - × Axuda a calquera outra actividade: colocación e recollida de material, ensinanza recíproca, coavaliación...



- Estratexias co alumnado con problemas de conduta que poidan alterar e influír na aprendizaxe do resto dos compañeiros:
  - × A estratexia variará en función do feito que levou a separalo do resto: insultos, agresións, maltrato do material, desviación da tarefa, ton de voz desaxeitado, rechazo ou desprezo a outros compañeiros; en función da súa intención e compromiso de integrarse na clase seguindo as pautas de convivencia; en función do ser historial de condutas en anteriores sesións.
  - × Separación do resto do alumnado temporalmente, durante a propia sesión ata que o alumno cambie a súa conduta. O alumnado poderá decidir libremente cando está preparado para integrarse na aula co resto do alumnado. Sempre baixo o compromiso de corrixir a súa conduta.
  - × Asignación de tarefas durante o tempo que dure a súa separación do grupo. Poderá realizar outras actividades relacionadas co tema da sesión: adaptación da propia tarefa; realización dalgunha das actividades encomendadas ó alumnado que non pode facer a sesións por enfermidade ou incapacidade funcional (véxase máis arriba); cubrir a ficha da autoavaliación se fose pertinente.
  - × Tempo de reflexión. O alumnado disporá dun breve tempo de relaxación para poder recapacitar sobre a súa conduta. En caso de comprometerse a corrixila, integrarase normalmente na aula.

## 6. MATERIAIS CURRICULARES

- Apuntes elaborados polo profesor sobre as unidades didácticas. Constarán dunha introdución contextualizada do tema. Moitas veces referidos á historia. Se é o caso o regulamento simplificado dun deporte ou xogo. Unha descrición dos xestos que faranse nas sesións.
- Traballos escritos ou noutro soporte. Esta situación darase especialmente para o alumnado que estando lesionado non poida facer a clase de forma ordinaria.
- Consultas en Internet sobre os contidos das sesións: textos, e especialmente vídeos explicativos sobre xestos motores.
- Proxeccións de patróns de movemento estándar.
- Aplicacións móbiles: videodelay, technique, additio, endomondo...
- Gravacións xestos técnicos, coreografías... e visualización para a corrección posterior.
- Documentos compartidos en drive

- Uso de plataformas didácticas: genially, wix, goconqr, webex, rederforest...
- Comunicacións a través do correo do profesor.
- Literatura relacionada coa materia
- Instalacións da contorna: pavillón municipal do concello (uso máis habitual), pavillón do centro escolar, campo de fútbol municipal de Aral, ximnasio do centro escolar, casco urbano próximo ao centro, entorno natural próximo (esteiro da Foz, Petróglifos Outeiro dos Lameiros...)
- Todos o materiais que veñen reflectidos no inventario da materia.

## 7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A conclusión de cada proceso de ensinanza/aprendizaxe, leva implícita unha valoración de tipo numérica que aparece nos boletíns personalizados ó remate de cada trimestre e curso. Esta cualificación emanará dos procedementos e instrumentos de avaliación de cada unha das unidades didácticas. Dos criterios de avaliación prescritos pola lei xorden os estándares de aprendizaxe. Ditos estándares serán a base de onde resultará a nota final de cada unidade.

Neste proceso concíbese a avaliación no seu carácter formativo, polo que o feedback será un elemento clave na aula. Buscarase concretar o que o alumnado fixo ben, no que pode mellorar ou como facelo. Realizarase cando o alumnado estea a tempo de rectificar e formará parte do día a día.

Os **instrumentos e procedementos de avaliación** para valorar o acceso ós estándares de aprendizaxe serán os seguintes:

- \* Proba teórico-conceptual: onde valoraranse o manexo dos coñecementos e conceptos por parte do alumnado.
- \* Proba práctica: faranse probas para medir as capacidades físico-coordinativas. A valoración poderá facerse en forma de escala ou rúbrica, e o axente encargado da recollida da información poderá ser o profesor (heteroavaliación); o propio alumnado en forma de autoavaliación; ou avaliación entre iguais: coavaliación. No caso de dificultade ou falta de obxectividade na recollida de información, o profesor poderá intervir para regular a tarefa.
- \* Traballo individual: traballos en diferentes formatos (traballo escrito en soporte informático, vídeo, son, fotografía...)
- \* Exposición ou posta en práctica de traballos de forma presencial ou a través de vídeo.
- \* Traballo en grupo: realización de traballos escritos ou de carácter físico (xeralmente en forma de coreografía de exercicios ou baile, xogo en equipo...). A valoración poderá facela o profesor ou o propio alumnado en forma de autoavaliación ou coavaliación.
- \* Traballo na aula: en forma de rúbrica, lista de control ou escala que terá en conta as sesións de cada unidade didáctica. A valoración desta parte poderá facerse como observación por parte do profesor ou

en forma de autoavaliación e coavaliación do alumnado. A verificación da autoavaliación e coavaliación será un proceso constante, e poderá facerse desde unha a varias veces no tema, dependendo da madurez do alumnado. O profesor poderá intervir aconsellando, e excepcionalmente variando, a recollida de información parte do alumnado no caso de que estes non dispoñan da suficiente capacidade de xuízo para recoller a súa avaliación e dos compañeiros/as de forma obxectiva. A nota final deste instrumento será a media das observacións realizadas ao longo do tema dos tipos de avaliación: autoavaliación, heteroavaliación e coavaliación.

\*Realización de fichas sobre a clase: descrición de xogos, xestos, formulación de preguntas, resolución de preguntas...Deseño dun documento sobre o tema tratado (presentación). Consulta e resume de documentos sobre o tema a tratar na aula.

\*Exercicios na aula e exercicios en rede.

\*Test sobre documentos escritos

O uso destes instrumentos dependerá dos contidos a tratar na aula, podendo ser diferentes ao longo do curso.

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

- **A cualificación de cada trimestre realizarase segundo a media ponderada asimilada a cada unidade didáctica.**
- **A nota de cada unidade didáctica obterase segundo a porcentaxe de cada instrumento de avaliación: traballo na aula (autoavaliación, coavaliación e heteroavaliación), probas prácticas individuais ou en grupo, traballos en soporte informático, cuestionarios...**
- **A cualificación do final de cada avaliación dependerá do resultado da nota das unidades didácticas tratadas nese trimestre. Cada unidade didáctica ou tema terá un peso ou porcentaxe sobre a nota do trimestre.**
- **É necesario para aprobar a materia, obter ao menos un 5 na nota do trimestre.**
- Non está permitido utilizar axudas externas para a realización das probas escritas cando así o manifeste o docente, xa sexa con apoio material (libros ou apuntes) ou ben mediante a comunicación con outros compañeiros. No caso do incumprimento desta norma podería anularse a nota desta proba.
- Para poder corrixir os traballos, estes deberán presentarse en soporte informático.
- Se a cualificación obtida nun trimestre é inferior a 5, a avaliación considerarase non superada.
- Dado que a cualificación trimestral corresponde a unha ponderación conxunta de todos os instrumentos de avaliación, o suspenso afectará a todo o contido do trimestre e en ningún caso a unha soa das partes.

- Se a cualificación final é inferior a 5, o alumno/a deberá examinarse de toda a materia, incluso das avaliacións aprobadas durante o curso. Sen embargo examínase o caso particular de cada alumno/a e tendo en conta a súa situación (actividades, participación, implicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe, ausencias e notas ó longo do curso) e o profesor podería optar por facer un exame soamente das partes non superadas.
- **A cualificación obtidas nun trimestre obterase polo redondeo á unidade máis próxima.**
- **A cualificación do final de curso, será a media aritmética dos tres trimestres de que consta o curso escolar.** Polo que a nota da última avaliación non ten porque corresponder coa nota final. Esta última nota non poderá ser inferior á nota do terceiro trimestre.
- O alumnado que presenten algún tipo de **lesión ou incapacidade, especialmente as que impidan a súa mobilidade**, que lle imposibilite participar nas diferentes sesións co resto do alumnado, e que só participen, por estas ou outras causas (faltas de asistencia, condutas que alteran gravemente a convivencia na aula), en menos do 50% das sesións prácticas das unidades didácticas, obterá a súa cualificación en base a outra ponderación dos procedementos de avaliación. Así, se non participa nas sesións, a porcentaxe de traballo na aula podería non contar para a nota, e repartirase entre os outros instrumentos. Esa parte da porcentaxe de traballo na aula derivarase aos outros instrumentos de avaliación.
- No caso de que o profesor o solicite, os alumnos deberán traer o xustificante médico axuntando as prescricións médicas sobre as prácticas físicas non aconselladas.
- **O alumnado que non supere a materia en xuño terá que realizar as probas escritas e/ou os diferentes traballos da materia. As probas constarán de diferentes tarefas relacionadas cos aprendizaxes feitos durante todo o curso.**

## **8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE**

O docente de cara a manter un feedback constante en relación a súa actividade e as posibilidades de intervir sobre ela, sexa variando instrumentos de avaliación, as unidades didácticas, a metodoloxía, ou a atención á diversidade... usará os seguintes indicadores:

- Valoración da pertinencia da agrupación dos estándares nas unidades didácticas.
- Valorar a distribución do alumnado na aula.
- Valorar o grado de consecución dos estándares ou a dificultade para acceder a eles.
- Valorar os temas, e a súa capacidade para tratar os estándares
- Valorar a pertinencia das probas conceptuais en cada un dos cursos sobre as unidades didácticas. Nas que veña reflectida a capacidade do alumnado para asimilar os conceptos, así como as competencias

lingüística, matemática ou científica.

- Revisar a folla de observación, onde valoraranse as competencias sociais: formación de grupos de aprendizaxe, solución de conflitos dentro do grupo... ; sentido da iniciativa: capacidade de organización, de resolución das tarefas asignadas...;competencia lingüística: capacidade de comunicación dentro do grupo, intervención nas sesións (dúbidas, preguntas, aclaracións...)
- Valoración do rexistro das impresións do alumnado, a través dun caderno de incidencias onde o alumnado poda verter as súas inquedanzas sobre os contidos impartidos, as sesións , as propias tarefas e mesmo a metodoloxía empregada. Esta mesma situación poderase verbalmente ó final de cada sesión,de cada unidade didáctica e mesmo ó final do curso.
- Comprobar a idoneidade das probas físicas de carácter coordinativo, onde valorarase o grado de aprendizaxe do alumnado rexistrando os parámetros motrices ou xestos técnicos.
- Avaliar os instrumentos de avaliación, de cara a afianzar ou introducir melloras no proceso.
- Avaliar o nivel de implicación a nivel motriz do alumnado no seu tempo de lecer. Desde o departamento de educación física pretendese ofertar ó alumnado unha paleta de posibilidades de actividades física, deportivas, expresivas ou de outro tipo que poidan chegar a satisfacer as necesidades do alumnado. O obxectivo tamén e ofertar as amplas posibilidades de desfrute da actividade física que existen na actualidade.

<b>Indicadores de logro do proceso de ensino</b>			
Agrupación dos estándares nas unidades didácticas	incorrecta	mellorable	correcta
Distribución do alumnado na aula.	incorrecta	mellorable	correcta
Grado de consecución dos estándares ou a dificultade para acceder a eles	baixa	media	alta
Capacidade das unidades didácticas para tratar os estándares	baixa	media	alta
Pertinencia das probas conceptuais	baixa	media	alta
Idoneidade da folla de	baixa	media	alta

observación			
Impresións do alumnado sobre os contidos, cualificacións, metodoloxía...	baixa	mellorable	suficiente
Idoneidade das probas físicas de carácter coordinativo e de capacidades.	baixa	media	alta
Idoneidade dos instrumentos de avaliación	baixa	media	alta
Implicación a nivel motivador do alumnado no seu tempo de lecer.	baixa	media	alta

## 9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

**O alumnado coa materia pendente de cursos anteriores** terá varias posibilidades para recuperar a nota:

- Aprobar calquera dos trimestres da avaliación en curso. Isto significará o aprobado automático de cursos inferiores. Xa que os estándares que se tratan nos cursos seguintes son unha ampliación dos cursos de precedentes.
- Seguimento e información do alumnado mediante a realización das probas escritas e traballos do curso pendentes correspondentes a cada unidade didáctica.
- Realización dunha proba global na data sinalada polo centro. Farase un exame escrito e un traballo.

Nestes casos informarase ó alumno afectado para aconsellarlle a mellor opción.

**O alumnado que non supere a materia na avaliación final, terá que realizar as probas escritas e os diferentes traballos da materia para recuperar na avaliación extraordinaria**

**Cualificación dos alumnos pendentes na avaliación extraordinaria:** no día sinalado polo calendario escolar os alumnos coa área de educación física pendente, realizarán unha proba global de carácter conceptual sobre as unidades didácticas tratadas no curso anterior. A nota de cualificación terá en conta esta

proba e os traballos propostos polo departamento. O alumnado, sempre baixo o criterio do profesorado do departamento, suspenso nun único trimestre poderá realizar excepcionalmente só a parte da area non superada. Nos demais casos a proba será global.

## **10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE PODAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.**

Ó comezo do curso faranse unha serie de probas para valorar tanto o estado físico do alumnado como o seu manexo dos conceptos.

Establecerase unhas probas físicas básicas para medir a súa competencia motriz, onde concorran probas de condición física e habilidades coordinativas. Tamén poderá facerse un análises antropométrico do alumnado (peso, altura...). As probas físicas estableceranse en base as súas capacidades físicas básicas (forza explosiva, forza resistencia, resistencia aeróbica e flexibilidade).

Rexistrase o historial de cada alumno en relación as súas lesión o enfermidades que podan afectar ó seu rendemento físico.

As probas conceptuais terán especial importancia en 1º da ESO, pois é un curso novo e o profesor descoñece ó alumnado. A partires desta proba valorarase a adaptación curricular en cada un dos casos.

## **11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Unha vez coñecidas as características de cada alumno/a, valorarase a necesidade de variar o proceso de ensinanza-aprendizaxe. A area de educación física permite amplas posibilidades de adaptar o modelo de ensinanza. Así ás veces a adaptación farase en base ó grupo e outra de cara o individuo; noutras situacións faranse adaptacións en todo o curso, na unidade didáctica e mesmo na propia sesión.

Entre os instrumentos de atención á diversidade, contémplanse os seguintes:

- Formación de grupos de nivel. Á hora de aprender xestos motores é moita a diversidade que se encontra nun grupo. A proposta para crear un acceso equitativo ós estándares de aprendizaxe, comeza coa ensinanza progresiva e a situación de cada alumno nun grupo de aprendizaxe, cunhas tarefas concretas segundo o seu nivel motriz.
- Ensinanza recíproca: usarase este método para paliar a posible incapacidade para adicar o mesmo tempo a cada alumno/a. Ademais posibilita a integración do propio alumno/a no proceso.
- Ensinanza individualizada: o profesor como norma xeral irá corrixindo as condutas motoras de cada alumno de forma individual.
- Na parte conceptual adicarase tempo á resolución de dúbidas e preguntas relacionadas coa unidade

didáctica.

- O uso das tecnoloxías, sobre todo a gravación en vídeo é un instrumento moi eficaz para corrixir movementos e que cada alumno poda valorar por si mesmo os súa competencia motora.
- Valorarase os intereses do alumnado en canto as súas preferencias sobre determinados contidos ou tarefas na aula. Podendo repetirse as tarefas que sexan do seu agrado, sempre no contexto da programación.
- Na parte conceptual poderanse facer simplificacións de determinados conceptos, tentando respectar o espírito dos estándares de aprendizaxe.
- A valoración do alumnado con necesidades **educativas específicas de apoio educativo** que requiran unha adaptación curricular, realizarase en base a uns criterios diferentes segundo sexan as necesidades que presenten. Como non se poden establecer medidas de carácter xeral, debido ás múltiples posibilidades que se poden presentar, os criterios de avaliación específicos destes alumnos, reflectiranse na adaptación curricular individual de cada un de eles en colaboración co Departamento de Orientación.

## **12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO**

Os elementos transversais trataranse en tódolos cursos do seguinte xeito:

### **Comprensión lectora, a expresión oral e escrita:**

- Exposición verbal de cada un dos temas comunicando ós alumnos os obxectivos sobre a materia (proposta de exercicios, asignación de tarefas...). Os alumnos poderán intervir neste inicio da sesión realizando preguntas, ou desenrolando eles mesmos parte da explicación a preguntas do profesor u repasando os contidos de anteriores sesións.
- Os traballos que deberá realizar o alumnado
- O departamento proporcionará ó alumnado os apuntes escritos sobre a unidade didáctica correspondente, e despois cunha proba escrita os alumnos reflectirán a súa competencia escrita.
- Respecto pola ORTOGRAFÍA (erros na escritura de letras, acentuación gráfica ou mal emprego dos signos de puntuación).
- CORRECCIÓN LÉXICA e GRAMATICAL (vocabulario axeitado, evitar repeticións, concordancia e uso correcto das formas verbais, cohesión e coherencia textual).
- PRESENTACIÓN dos traballos escritos (caligrafía, pulcritude, marxes, parágrafos, separación entre parágrafos e letras ou borrachóns).



## **Plan dixital**

- Como complemento as sesións usarase con certa frecuencia a comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación, especialmente na descrición de xestos técnicos, moitas veces empregando o movemento máis lento para mellorar a comprensión do mesmo.
- Os traballos que deberá realizar o alumnado facendo uso da información en Internet.
- Todas as comunicacións faranse a través de Edixgal, e mesmo moitas das valoracións como cuestionarios, traballos e autoavaliacións usarán este canle.

## **A capacidade emprendedora:**

- A capacidade emprendedora é unha constante nesta materia onde fanse constantes propostas sobre problemas motores ou tamén a asignación de tarefas. A capacidade organizativa e a actividade serán dos dous elementos que veñen reflectidos na folla de observación do alumnado. As propostas do departamento irán dirixidas a actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor

## **A educación cívica e constitucional**

- Esta elemento transversal impregna todo o proceso educativo nesta materia onde o alumno debe manter un respecto cara os outros alumnos e o profesor (tamén reflectido na folla de observación de cada alumno).
- Fomentárase igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, faranse agrupacións mixtas nas tarefas das sesións, variarase a formación de grupos e parellas buscando fomentar os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- A aula de educación física constitúe un espazo de convivencia e polo tanto as posibilidades de conflitos aínda que esporádicas, xorden algunhas veces, especialmente nos niveis iniciais. Desde este departamento promoverase a prevención e resolución pacífica de conflitos xurdidos no contexto da materia, buscando solucións de compromiso por parte do alumnado e analizando as posibles causas do problema. No contexto dos valores (que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia) esta materia pretende crear un clima de convivencia que transcenda á propia materia.
- Fomentárase a práctica da actividade física como modo de integración do alumnado, evitando os papeis fixos dentro dos xogos e deportes. O rol de cada persoa dentro destas actividades nunca será

permanente. Promoveranse os xogos de natureza inclusiva, aínda que sexa variando as normas da propia actividade, de tal maneira que sexa necesario depender de todo o mundo para achegar ó obxectivo proposto.

- Para evitar os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos, nesta programación propónse unha alta variedade de contidos de expresión corporal, para que poidan achegar ó alumno a outra forma de contemplar o feito da educación física.
- As solucións as tarefas, a creación de estilos de movemento ou a propia forma do alumnado de relacionarse, contemplaranse como xeito de aceptar a riqueza e a versatilidade dentro da comunidade. Fomentaranse a aceptación do diferente como un valor e sen que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
- Incentivaranse as actividades que promovan as aptitudes como a creatividade (especialmente dentro do bloque de expresión corporal), a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellor a da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas. Neste senso a proposta deste departamento realizarase en forma de charlas-conferencias a través de diferentes asociacións (AESLEME) e mesmo dos programas que oferta a garda civil de tráfico.

### **13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PROGRAMADAS**

Durante o desenrolo do curso realizaranse unha serie de actividades con características especiais respecto das sesións ordinarias. Estas actividades polas súas peculiaridades non teñen encaixe na duración e no espazo cotiá, por diversas razóns como a necesidade de traslado do alumnado cara a usar instalacións ou material específico; a duración da actividade que exceda a duración dunha sesión; a profundidade dos contidos; a asistencia a unha representación ou charla. Algunhas das actividades serán saídas do centro con carácter globalizador e multidisciplinar.

Estas son as actividades previstas:

#### **1º TRIMESTRE**

Inscripción no programa XOGADE. Moitas das actividades propostas va a depender das datas e as actividades que propoña esta entidade. O programa XOGADE forma parte do PVAD (proxecto de vida activa e deportiva) integrado dentro do Plan Proxecta.

Semana do RCP para todos os cursos. Na hora de educación física.

Actividades nos recreos para todos os cursos. Fomento da actividade física e dinamización do tempo de lecer.

Ruta ao estuario da Foz. 1º da ESO. Observación e análise da fauna e flora. Esta actividade farase en colaboración co departamento de bioloxía. Farase unha actividade complementaria de recollida de lixo (plogging)

Magosto en Chan da Lagoa. Organizado por 4º da ESO en coordinación con este departamento. Participaría todo o alumnado da ESO.

Retos deportivos cooperativos durante os recreos.

Charla con mulleres e homes relacionados coa actividade física, o deporte e o deporte adaptado

Percorrido de sendeirismo para 3º 4º da ESO. Actividade multidisciplinar cos departamentos de Bioloxía e Historia (Serra da Groba, Monteferro, Outeiro dos Lameiros...)

Obradoiro de prevención do alcoholismo (2º e 3º ESO)

## **2º TRIMESTRE**

Actividade de escalada para 4º ESO, en febreiro. Lugar: pavillón multiusos de Pontevedra ou serra do Galiñeiro. Toda a mañá. Pódese completar cunha visita ao museo de Pontevedra (exposición permanente de Castelao)

Convivencia de orientación (lugar a determinar) 2º da ESO. Toda a mañá

Campionato provincial de orientación(lugar a determinar). 2º ESO. Toda a mañá

Retos deportivos durante os recreos.

Participación no programa clases sen fume 1º ESO. Charla na aula.

Charla sobre prevención do tabaquismo 3º ou 4º da ESO. Charla dunha hora.

Charla AESLEME (Asociación de lesionados medulares) 3º e 4º da ESO.

Charla con mulleres e homes relacionados coa actividade física, o deporte e o deporte adaptado

Percorrido de sendeirismo para 3º e 4º da ESO. Actividade multidisciplinar cos departamentos de Bioloxía e Historia.

Obradoiro de prevención do alcoholismo (2º e 3º ESO)

## **3º TRIMESTRE**

Carreira de orientación no castro de A Valga (Oia) para 3º da ESO. Toda a mañá.

Obradoiro de prevención do alcoholismo (2º e 3º ESO)

Percorrido de sendeirismo para 1º ESO (petróglicos). Toda a mañá. En colaboración cos departamentos de Lingua Galega e Bioloxía.

Charla COGAMI. 3º e 4º da ESO.

Retos deportivos durante os recreos.

Obradoiro de primeiros auxilios para todos os cursos. 112.

Charla con mulleres e homes relacionados coa actividade física, o deporte e o deporte adaptado

Percorrido de sendeirismo para 3º 4º da ESO. Actividade multidisciplinar cos departamentos de Bioloxía e Historia.

Actividades de prevención do alcoholismo (2º e 3º ESO)

Nos recreos, abrírase o pavillón para que o alumnado poida realizar actividades reguladas seguindo as normas de convivencia, inclusión e xestión compartida do espazo. Aceptarase por parte do alumnado as propostas que permitan unha actividade organizada e que non supoña un risco para o alumnado nin un deterioro do material ou das instalacións.

Todas as actividades terán un carácter inclusivo, favorecendo a participación de todo o alumnado. Fomentaranse especialmente as actividades mixtas.

O alumnado poderá usar de forma igualmente organizada as pistas exteriores, tornándose no uso do espazo.

## **14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA**

Co obxecto de manter unha actitude crítica coa redacción da programación e a súa aplicación educativa, desde este departamento proponse as seguintes medidas:

- Revisión trala finalización de cada unidade didáctica de: a periodización das unidades didácticas, criterios de avaliación integrados en cada unidade didáctica e o grado mínimo de consecución. Trátase de valorar o cumprimento e adecuación destes parámetros tras o desenrolo de cada unidade didáctica. Realízase un estudo de cada un dos parámetros coa posibilidade de eliminar ou engadir posibles variacións en sucesivos anos.
- Valorar a información recibida do alumnado, a través dos documentos escritos: as súas probas prácticas e teóricas e a información reflectida no caderno de sesións.
- Reunión co alumnado tras cada sesión na que eles poidan manifestar o seu punto de vista de cara ós puntos positivos ou as carencias de cada contido (actividades, metodoloxía, carga teórica, material didáctico, duración do contido...)

- Valorar a relación entre os criterios de avaliación e os mínimos de consecución
- Valorar a dificultade de aplicar algúns mínimos de consecución

<b>TÁBOA DE VALORACIÓN DO PROCESO DE ENSEÑANZA APRENDIZAXE</b>			
- Periodización das unidades didácticas. Tempo de duración:	insuficiente	xusto	excesivo
- Cantidade de estándares destinados a cada unidade didáctica	insuficiente	xusto	excesivo
- Grado mínimo para acadar os índices de logro	insuficiente	xusto	excesivo
- Relación entre os estándares e os índices de logro	pouca	suficiente	alta
- Dificultade para avaliar os índices de logro	baixa	normal	alta
- Relación entre os instrumentos de avaliación e os estándares de aprendizaxe	baixa	normal	alta
- Adecuación entre as actividades propostas e os estándares de aprendizaxe	baixa	normal	alta
- Idoneidade da metodoloxía para acadar os estándares de aprendizaxe	baixa	normal	alta
-Uso de diferentes metodoloxías durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe	baixa	normal	alta
- Carga teórica das unidades teóricas	insuficiente	xusto	excesivo
- Material didáctico empregado nas diferentes sesións	insuficiente	xusto	excesivo
- Grado de dificultade dos contidos das unidades didácticas	insuficiente	xusto	excesivo
- Dificultade no seguimento e aplicación dos índices de logro	baixa	normal	alta
- Información recibida polo alumnado sobre os criterios de cualificación	baixa	normal	alta
- Grado de satisfacción do alumnado en relación os criterio de cualificación, a información recibida, a idoneidade das unidades didácticas.	baixa	normal	alta
- Grado de atención á diversidade e apoio o alumnado con NEAE	baixa	normal	alta
- Formación de grupos de nivel axustando as actividades	baixa	normal	alta

